



# CONVENIO REGULADOR PARA A CONCESIÓN DIRECTA DA SUBVENCIÓN CULTURAL PARA O ANO 2023 ENTRE O CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA E A ENTIDADE REVENIDAS S.C.

En Vilagarcía de Arousa, a data da sinatura electrónica

## REUNIDOS:

Dunha parte, **D. Alberto Varela Paz**, Alcalde-Presidente do concello de Vilagarcía de Arousa, con enderezo na Praza Ravella nº1, 36600 Vilagarcía de Arousa, en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1. b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra, **D. José Antonio González Boulosa**, con DNI: 52490050-W, como administrador da empresa REVENIDAS S.C., con CIF: J-94117678, con enderezo na rúa Bouza de Abaixo nº 33, 1 de Vilaxoan, 36611 Vilagarcía de Arousa, actuando en representación da devandita entidade.

Ámbalas dúas partes recoñécense mutuamente a capacidade xurídica necesaria para a formalización do presente Convenio e de común acordo

## EXPOÑEN

### Primeiro: NORMATIVA DE APLICACIÓN

A normativa de aplicación do presente convenio é:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL)
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aproba el texto refundido de las disposiciones legais vixentes en materia de Réxime Local.



- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que apróbase o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público
- Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións
- Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo, do regulamento da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións
- Lei 9/2007 de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia
- Decreto 11/2009 de 9 de xaneiro, do regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño de 2007, de Subvencións de Galicia

### **Segundo: NORMATIVA ESPECÍFICA:**

O artigo 25.2. m) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL) establece como competencia propia dos concellos: “a promoción da cultura e equipamentos culturais”, sendo un dos propósitos deste concello incentivar a creación cultural, apoiando material e economicamente os procesos creativos e promover o patrimonio cultural, organizando, subvencionando, patrocinando e colaborando con todos aqueles eventos a favor da conservación e defensa da tradición cultural do noso pobo, así como a formación, promoción e produción de actividades de todo tipo (festivais, exposicións, patrimonio, historia, ...) de interese xeral e para todo público en xeral.

### **Terceiro: XUSTIFICACIÓN**

REVENIDAS S.C. é unha empresa que comezou a súa actividade en 2017 e que organiza o Festival Revenidas de Vilaxoán, que comezou a súa andaina no ano 2003 da man dunha asociación de mozos e mozas deste concello que querían facer algunha actividade cultural na súa vila. Recuperaron unha antiga tradición do porto mariñeiro de Vilaxoán, na que desde principios do século XX realizábase unha gran sardiñada popular. Tras o bo resultado da



primeira iniciativa, decidiuse celebrar aparte da gran sardiñada popular, un festival no que tiveran cabida concertos e/ou actividades e espectáculos para todos os públicos.

REVENIDAS está dentro do calendario dos festivais galegos (<https://www.festgalicia.gal/>) por continuidade, por cantidade como en calidade e por ter un estilo propio e inconfundible.

Ao lado do mar, na Ría de Arousa, na vila mariñeira de Vilaxoán, reúnese cada verán artistas de dentro e de fóra do país, unidos por sons mestizos á vez que de marcado carácter popular. Artistas que acompañan e promoven a festa, e que reivindicán a cultura e o espazo público como patrimonio dos cidadáns.

O Festival ten unha repercusión que excede a Comunidade Autónoma Galega, onde se dan cita artistas de renome, cunha incidencia mediática e manifesta en prensa tanto escrita como audiovisual, en redes sociais, entre outros medios.

O FESTIVAL Revenidas é unha ferramenta indispensable para a dinamización de Vilaxoán e de todo o concello de Vilagarcía de Arousa, aglutinando tanto os intereses dos máis novos como dos maiores e mesmo de xente que se achega de toda Galicia e doutras comunidades autónomas de España a este pequeno enclave da Ría de Arousa.

**Cuarto:** A subvención que se tramita non pode ser obxecto de publicidade e concorrència ao tratarse de actividades concretas realizadas por unha única entidade/persoa, ou que sendo realizada por varias, concédense a tódolos solicitantes.

**Quinta:** Acredítase o interese público, social, económico da subvención, destinada a:

- Promoción e difusión da cultura popular, con actuacións musicais dentro do Festival Revenidas con actuacións en galego e busca de novos talentos.
- Fomentar a creación e a composición musical.
- Fomentar a participación cidadá, realizando actividades para persoas novas e maiores, unha mestura de xeracións, xeografías e inquedanzas, baixo o interese común dos produtos musicais galegos.
- Axudar á dinamización e promoción turística local.



- Apostar pola sustentabilidade e a reciclaxe e coidado do medio ambiente, separando os residuos xerados no Festival.

**Sexto:** O solicitante manifesta non estar en ningunha das situacións que establece o artigo 13.2. da Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións e o artigo 10.2. da Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que imposibilitan a obtención da condición de beneficiario, estando ao corrente nas súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Seguridade Social, Comunidade Autónoma e concello de Vilagarcía de Arousa.

## CLAÚSULAS

### PRIMEIRA: OBXECTO DA SUBVENCIÓN

A presente subvención ten por obxecto sufragar os gastos correntes derivados das distintas actividades que se levarán a cabo e que contribuirán a satisfacer os intereses culturais e inquiredanzas do concello de Vilagarcía de Arousa e da súa veciñanza, mediante o fomento de actividades culturais e sociais a desenvolver dentro do municipio mediante o desenvolvemento dunha tarefa social e comunitaria que conserve o noso patrimonio cultural inmaterial e musical a través do FESTIVAL REVENIDAS 2023.

### SEGUNDA: DEVENGO

A actividade a subvencionar é a celebración do **FESTIVAL REVENIDAS 2023**, os días 7, 8, 9, 10 de setembro en Vilaxoán (Vilagarcía de Arousa).

Debido á magnitude do festival que obriga á preparación do mesmo con moita antelación, establécese o período de gasto elixible dende o 1 de xaneiro de 2023 ata o 30 de outubro de 2023.

A cantidade concedida é de **40.000,00€.- (CUARENTA MIL EUROS)** con cargo á aplicación do orzamento municipal 334-479 do orzamento municipal vixente.

### TERCEIRA: ÓRGANO COMPETENTE

O órgano competente para a aprobación do gasto é o Alcalde-Presidente da corporación ou a Xunta de Goberno Local por delegación.



#### **CUARTA: COMPROMISO DO BENEFICIARIO**

A entidade beneficiaria comprométese a destinar a subvención concedida á realización da actividade: FESTIVAL REVENIDAS 2023, cumprindo o obxecto expresado na cláusula primeira.

#### **QUINTA: TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA MEDIANTE PLATAFORMA DE SUBVENCIONS E REXISTRO ELECTRÓNICO NA SEDE DO CONCELLO**

A confección de toda a documentación realizarase a través da Plataforma de Xestión de Subvencións na dirección <https://vilagarcia.cluber.es> no que terán a súa disposición os Balances, a Conta Xustificativa e os anexos dos modelos normalizados, e na que obrigatoriamente deberán subirse toda a documentación que unha vez validada, editará un documento en PDF final en formato oficial, que deberá ser asinado electronicamente polo representante legal da entidade beneficiaria e rexistrarse na Sede electrónica do Concello de Vilagarcía de Arousa.

#### **SEXTA: INICIO DO PROCEDEMENTO**

Para o inicio do procedemento de concesión da subvención é preceptivo que a entidade beneficiaria presente no Rexistro Electrónico do Concello ([sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)) a solicitude correspondente xunto cun proxecto que conterà unha estimación global dos gastos e ingresos.

A continuación o Departamento tramitará a solicitude ao órgano de aprobación que corresponda, xunto cunha proposta-informe se procede e borrador do convenio.

Unha vez aprobada a tramitación da subvención, a entidade remitirá o borrador do convenio asinado electronicamente xunto co orzamento de gastos e ingresos para o ano 2023 (modelo Anexo I)

Presentarase no prazo máximo dun mes a contar dende a recepción do modelo do convenio que será remitido polo departamento do concello que corresponda.



Posteriormente o departamento presentará a documentación anterior asinada polo Alcalde ou concelleiro en quen delegue, ao órgano correspondente para a aprobación da concesión da subvención.

#### **SÉTIMA: PAGO**

Como regra xeral o pagamento íntegro da subvención será efectiva unha vez realizada a actividade subvencionada, previa presentación da documentación xustificativa da mesma na sede electrónica do Concello de Vilagarcía ([sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)), segundo a Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas.

(VER DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR NA CLAÚSULA NOVENA E NORMAS DE PRESENTACIÓN NA CLAÚSULA DÉCIMA)

#### **OITAVA: PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

A entidade deberá presentar a xustificación o antes posible no Concello, sempre e cando conten coa documentación suficiente para xustificar a cantidade concedida (GASTO ELEXIBLE DENDE O 1 DE XANEIRO AO 30 DE OUTUBRO DE 2023)

En calquera caso a data límite para a presentación da documentación xustificativa será o 30 de outubro de 2023.

#### **NOVENA: DOCUMENTACIÓN PARA A XUSTIFICACIÓN**

A entidade, a través de instancia dirixida ao Departamento correspondente do concello (MODELOS ANEXOS), deberá presentar no Rexistro Electrónico do Concello ([sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)) a seguinte documentación xustificativa:

1. Anexo I- Balance de ingresos e gastos previstos da actividade. Este documento deberá presentarse xunto co convenio asinado tal e como establece a cláusula quinta.
2. Memoria técnica do desenvolvemento das actividades da entidade a data da presentación da xustificación, asinada polo representante legal da entidade, desenvolvendo os seguintes apartados básicos:
  - a. Introducción e xustificación da actividade
  - b. Obxectivos
  - c. Programación: actividades e servizos realizados



- d. Persoas destinatarias e beneficiarias
  - e. Calendario e cronogramas
  - f. Recursos empregados (humanos e materiais)
  - g. Avaliación e conclusións
3. Anexo II, Conta Xustificativa (ou tamén chamada Memoria Económica Xustificativa) do custo, asinada polo representante legal da entidade, que conterá:
- a. Importe dos gastos realizados e recollidos no Anexo III, que deberá ser suficiente para xustificar a subvención nominativa do Concello.
  - b. Relación detallada dos ingresos cos que se financiou a actividade (incluíndo todas as subvencións públicas concedidas) con indicación do seu importe e procedencia.
  - c. Declaracións segundo os puntos b) ata f) da Conta Xustificativa.
4. Anexo III, relación de facturas/gastos para xustificar a subvención concedida polo Concello (deberase cubrir correctamente todas as columnas do anexo)
5. Facturas orixinais xustificativas do gasto subvencionado dende o 1 de xaneiro ata o 30 de outubro de 2023 (PERIODO DE DEVENGO ESTABLECIDO) cos requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012 de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.
- a. As facturas como mínimo conterán:
    - i. Nº de factura e indicación expresa de que se trata dunha factura, lugar e data de emisión.
    - ii. Denominación social, NIF e domicilio de quen expide a factura e do destinatario da mesma.
    - iii. Descrición detallada do concepto7servizo prestado e data de realización da operación.
    - iv. Importe, desagregado do IVE con indicación do tipo aplicable e o total. Esta desagregación deberá recollerse nos Anexos III e IV.
    - v. Recargas, descontos e retencións aplicables.
  - b. Ademais nas facturas deberá acreditarse o seu pagamento da seguinte forma:



- i. Deberase utilizar con carácter xeral e preferentemente, os medios de pago electrónicos (transferencia bancaria, tarxetas, talóns nominativos, etcétera).
  - ii. Cando a factura teña sido pagada mediante transferencia bancaria ou talón nominativo, xuntarase o extracto bancario coa dilixencia da entidade bancaria na que xustifique a transferencia ou ingreso na conta do beneficiario.
  - iii. As operacións cun importe superior aos 1,000.00€.- (MIL EUROS) non poderán ser pagadas en efectivo, de acordo co previsto na Lei 11/2021 de 9 de xullo, de medidas de prevención e loita contra a fraude fiscal.
  - iv. No caso de que o pago non poida facerse por medios electrónicos, deberá aparecer conxuntamente as seguintes indicacións:
    1. “Pagado” ou “Recibín”
    2. Data do pago
    3. Sinatura e identificación da mesma (DNI ou nome completo de quen asina)
    4. Selo da empresa
  - v. No caso de gastos imputables á actividade, como nóminas ou porcentaxes de facturas, deberán acompañarse estas, de informe onde se certifique e se explique a porcentaxe aplicable á actividade.
6. Anexo IV, relación de facturas/gastos para xustificar subvencións doutras Administracións Públicas, seguindo as seguintes instrucións:
- a. A xustificación doutras subvencións públicas realizarase a través da presentación do Anexo IV, presentando un anexo por cada organismo público do que se teña concedida axuda/subvención.
  - b. De non ter presentada a documentación xustificativa noutros organismos públicos, xuntarase igualmente o Anexo IV coa relación de facturas afectadas ás citadas subvencións (cumprindo o establecido nos puntos 4, 5 e 6) ou indicación de que a actividade non está realizada.





7. Anexo V, balance de ingresos e gastos reais ou realizados. No caso de poderse presentar o balance antes da conclusión da actividade deberá presentarse Avance do Balance de Ingresos e gastos realizados ata o momento de presentación da xustificación.
8. Anexo VI, Declaración Responsable ou Certificados de atoparse ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social (certificados da AEAT, Consellaría de Facenda e Seguridade Social). Os certificados deberán ter unha validez suficiente para a tramitación do expediente.
9. Certificación bancaria do número de conta da entidade.
10. Fotocopia do DNI do representante da entidade.
11. Fotocopia do NIF da entidade.
12. Certificación expedida polo secretario/a da entidade solicitante, de que a persoa que asina a solicitude é a representante legal da entidade, ou documento de nomeamento da mesma.

Unha finalizado o exercicio 2023, a documentación económica correspondente á totalidade da actividade deberá estar a disposicións dos órganos do Concello que precisen realizar labores de comprobación e/ou fiscalización.

#### **DÉCIMA: FORMA DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN NO REXISTRO ELECTRÓNICO DO CONCELLO**

A confección de toda a documentación realizarase a través da Plataforma de Xestión de Subvencións contratada por este concello e pola Fundación de Deportes Municipal, para axudar ás entidades deportivas beneficiarias de subvencións na correcta presentación da mesma, na dirección <https://vilagarcia.cluber.es> no que terán ao seu dispor os balances, a conta Xustificativa e os anexos dos modelos normalizados e, na que obrigatoriamente deberán subir toda a documentación, e unha vez validade, xerará un PDF final en formato oficial, que deberá ser asinado dixitalmente polo representante legal da entidade beneficiaria e rexistrarse na Sede Electrónica do Concello de Vilagarcía de Arousa.



Tendo en conta que o Rexistro Electrónico non admite arquivos que superen na súa totalidade os 10 Mb e/ou tampouco admite determinados formatos, deberase cumprir as seguintes normas de presentación:

- Un PDF por cada anexo
- Un PDF cos certificados de estar ao corrente coas distintas administracións públicas, no caso que corresponda.
- Un PDF coa documentación que se esixe nos puntos 10 a 13 da cláusula novena do presente convenio e na mesma orde que se pide.
- Un PDF coa listaxe das facturas (Anexo III)
- Un PDF coas facturas e xustificantes de pago do Anexo III coas correspondentes facturas e os seus xustificantes de pago, ordenados do mesmo xeito que aparecen no Anexo III e sempre primeiro a factura e seguidamente o xustificante de pago. (exemplo: factura 1 da relación, xustificante da factura 1 da relación; factura 2 da relación, xustificante da factura 2 da relación; etcétera)
- Calquera outro documento que se queira agregar deberá vir de xeito independente (por exemplo: un informe xustificativo de imputación de gastos de nóminas, etcétera)

Toda a documentación deberá vir asinada electronicamente polo representante legal da entidade.

Os distintos arquivos deberán ter unha denominación acorde co contido do documento que permita a súa localización e identificación.

No caso de que a documentación presentada supere os 10Mb, deberá realizar tantos rexistros electrónicos como sexan necesarios para presentar a documentación, indicando nos sucesivos rexistros o número do primeiro rexistro e numerando en función do número de rexistros do seguinte xeito: por exemplo, no caso de que sexan necesario 4 rexistros sería: 1/4, 2/4, 3/4 e 4/4.

O incumprimento por parte do beneficiario destas normas de presentación será causa de devolución da documentación para emendar.



#### **DÉCIMO PRIMEIRA: PUBLICIDADE**

A entidade beneficiara queda obrigada a reflectir en toda a publicidade que utilice para a difusión da actividade, a colaboración económica do Concello, nas condicións que lle sexan fixadas polos responsables da Área de Comunicación.

#### **DÉCIMO SEGUNDA: PUBLICIDADE DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS**

Á finalización do prazo de presentación de solicitudes ou de ser o caso, ao esgotamento do orzamento, darase publicidade á relación de axudas concedidas no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica municipal do Concello de Vilagarcía de Arousa (sede.vilagarcia.gal) así como na Base de Datos Nacional de Subvencións polos artigos 18 e 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

#### **DÉCIMO TERCEIRA: A LINGUA**

A lingua que se empregará nos distintos soportes de difusión da actividade, será o galego dentro do ámbito territorial de Galicia.

#### **DÉCIMO CUARTA: OUTRA DOCUMENTACIÓN**

A entidade beneficiaria poderá ser requirida polos distintos departamentos do Concello para a presentación de calquera outra documentación que sexa necesaria.

#### **DÉCIMO QUINTA: CAUSAS DE REINTEGRO**

Procederá ao reintegro da subvención sempre que se dean calquera das circunstancias que se establecen nos artigos 32 e seguintes da Lei 9/2007 de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e/ou nos artigos 36 e seguintes da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

#### **CLÁUSULA ADICIONAL INFORMATIVA**

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade e se realización dentro do exercicio 2023 e segundo o disposto no art. 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.



Deberá xustificase o 100% do importe subvencionado para a percepción íntegra da subvención. Unha menor xustificación dará lugar a un recoñecemento proporcional da axuda comprometida.

Nestes termos queda redactado o presente convenio, no contido do cal as partes intervinientes afirmanse e ratifican, asinándoo por duplicado e a un só efecto, na data do encabezamento expresada.

**Polo Concello de Vilagarcía de Arousa,**

O Alcalde-Presidente

D. Alberto Varela Paz

**Por REVENIDAS SC.**

O Administrador

D. José Antonio González Boullosa